

CURSO “ACHEGAS DAS APLICACIÓNS DIXITAIS ÁS LINGUAS ESTRANXEIRAS”

SESIÓN “INTRODUCCIÓN A MOODLE (1)”. Luns, 4/2/2013

Relator: Marco Vélez Barreiro

EXPOSICIÓN TEÓRICA (1h30')

1. INTRODUCCIÓN. O CONCEPTO DE EVAE

Os **obxectivos** deste curso. A incorporación da aula virtual ás nosas clases.

Os **contidos** deste curso: As ferramentas que imos aprender e a filosofía do curso. Veremos todas as posibilidades para que cada un use a ferramenta de acordo coa súa propia maneira de traballar (non todo o mundo usará todas as ferramentas nin do mesmo xeito).

O **concepto de EVAE** (Entorno Virtual de Aprendizaxe e Ensino) / **LMS** (Learning Management System). Que cousas se poden facer cun EVAE, en xeral. Exemplos de EVAEs distintos de Moodle.¹

As orixes de Moodle: Historia da plataforma.²

O Moodle no ensino a distancia, semipresencial e presencial. Utilidade do Moodle en cada unha desas modalidades.

A utilidade do Moodle en modalidade de ensino presencial. O factor motivación:

- a) **Vencello permanente co profesor:** Os alumnos agradecen un vencello permanente co profesor.
- b) **Vencello permanente coa lingua:** É un lugar común entre todos para poder compartir información e sentir que o estudo do idioma non acaba ao saír da clase.
- c) **Vencello permanente cos compañeiros:** Serve incluso para que eles fagan equipo e estean en contacto.

O rol do profesor como xestor dun curso de Moodle. Xestión de relacións, construción de equipo (team building).

Os tres tipos de tecnoloxías que ofrece Moodle: transmisivas, interactivas e colaborativas.

2. VISITA GUIADA A UNHA PLATAFORMA MOODLE

Acceso a <http://www.edu.xunta.es/centros/eoicoruna/aulavirtual/>

- a) Funcionalidades básicas dun curso de francés:

- O taboleiro de anuncios.

¹ Véxase “DOC1 – Alternativas a Moodle”.

² Véxase “DOC2 – Orixes e natureza”

- O foro de discusión e o chat.
 - Avisos e arquivos para os alumnos.
 - Os obxectivos e contidos das unidades.
 - A programación de aula: rexistro e previsión de actividades.
 - As actividades online.
 - Ferramentas e ligazóns.
 - Usuarios en liña.
- b) Control de usuarios: rexistro, asignación de roles e informe de actividade.
- c) Incrustación de materiais audiovisuais.
- d) Outros recursos: tarefas, cuestionarios, leccións, glosarios e wikis.

3. REXISTRO NA AULA VIRTUAL

Acceso a <http://www.edu.xunta.es/centros/cfrourense/aulavirtual>

- a) Os roles dos usuarios da aula virtual: administrador, creador de cursos, profesor editor, profesor non editor, estudante e convidado.
- b) O procedemento de inscrición.
- c) Inscrición na aula virtual do CEFORE de Ourense.

4. CREACIÓN DUN CURSO NA AULA VIRTUAL

- a) Definindo ou modificando os parámetros do curso.
- b) A sección “Configuración”: Xeral, inscricións, notificación de vencemento da inscrición, grupos, dispoñibilidade, idioma...

5. MANEXO DE RECURSOS BÁSICOS

- a) Xestión de bloques e de unidades.
- b) Inserción de etiquetas.
- c) Creación dunha páxina de texto.
- d) Creación dunha páxina web.

6. XESTIÓN DE USUARIOS

Pestana “participantes”

- a) Dar de baixa do curso a un alumno.
- b) Problemas frecuentes que dan os alumnos e as súas solucións.
- c) Seguimento dun alumno: informes de actividade.
- d) A pestana “Mudar o papel para”

7. OUTRAS FERRAMENTAS

- a) Creación dun foro.
- b) Creación dun glosario.
- c) Creación dun chat.

PRÁCTICA (1h30')

REXISTRÁNDOSE NA AULA VIRTUAL

- Accede ao sitio <http://www.edu.xunta.es/centros/cfrourense/aulavirtual>
- Crea unha nova conta para rexistrarte. Non esquezas o teu nome de usuario e contrasinal.
- Agarda a que che sexa cambiado o rol de *estudiante* a *profesor*.
- Accede ao curso *Achegas das aplicacións dixitais ás linguas estranxeiras*.

MANEXANDO RECURSOS BÁSICOS NO TEU CURSO

- Unha vez dentro do curso, insire unha etiqueta na primeira unidade, co texto seguinte: "MATERIALS UNIT 1" ou "MATÉRIELS UNITÉ 1"
- A continuación, crea unha páxina de texto titulada "Instrucións de manexo da plataforma".
- Finalmente, crea unha páxina web chamada "Programación de aula" e introduce unha breve previsión de actividades temporalizadas para a semana que vén.

XESTIÓN DE USUARIOS

- Imaxina que es un dos teus alumnos o primeiro día de clase e que te queres inscribir na aula virtual. Accede á mesma creando unha nova conta cun nome de usuario e un contrasinal ficticios. Terás que dar un correo electrónico distinto do teu, ou ben nonresponder@edu.xunta.es Completa o proceso accedendo á túa conta de correo como se foses un alumno de verdade.
- Logo, accede á aula virtual coa túa propia identidade. A través da pestana *Participantes* asegúrate de que o teu falso alumno completou con éxito o proceso de inscrición e accede ao seu informe de actividade.
- Preme na pestana "Mudar o papel para" e escolle o rol de estudante para ver como se ve o teu curso sendo estudante.
- Imaxina que o curso rematou. Dá de baixa o teu alumno ficticio.

OUTRAS FERRAMENTAS

- Crea un foro no teu curso e engade unha discusión cun par de entradas.
- Crea un glosario no teu curso e engade tres termos.
- Crea un chat para o teu curso.